

CONTIDOS MÍNIMOS,

Criterios específicos de avaliación secuenciados por temas e avaliacións:

Son contidos mínimos prioritarios para tódalas avaliacións, a localización axeitada no mapa, rotulando con claridade e poñendo os nomes das localidades específicas indicadas en cada tema. A utilización do vocabulario específico da asignatura e a utilización de esquemas de estudio .

1ª AVALIACIÓN

O Planeta Terra

Os medios naturais: elementos e tipos.

(Unidades 1 – 5)

Contidos mínimos

A Terra, planeta do sistema solar. Os movementos da terra. A representación da terra. Mapas e imaxes.

A composición da terra. Continentes e Oceanos.

Repaso das unidades de relevo de cada continente, datos de formación e materiais fundamentais que as forman

O relevo da terra. As grandes unidades do relevo e a súa representación.

Os fenómenos atmosféricos máis importantes. Os climas e a súa repartición. A vexetación natural. As augas continentais.

Os medios naturais: Medios adversos e medios favorables.

Medios fríos: polar, montaña alpina. A tundra e o bosque boreal.

Medio cálido: Bosque tropicais, sabana e desertos.

Medio temperado: húmidos e mediterraneos con especial referencia a Europa, P. Ibérica e Galicia.

Conservación e xestión sostible de medios e recursos naturais.

Os riscos climáticos: secas , choivas torrenciais, ciclóns

Osterremotos e as erupcións volcánicas

Riscos favorecidos pola acción humana.

2ª AVALIACIÓN

As paisaxes naturais de España e Galicia.

A Prehistoria .Os grandes imperios agrarios da Antigüidade (Unidades 6- 9)

Contidos mínimos

As paisaxes naturais de España.

O medio natural de Galicia.

O proceso de hominización: O Paleolítico. A revolución neolítica e a Idade dos Metais.

A cultura castrexa.

3ª AVALIACIÓN

O Mundo Clásico.

A Península Ibérica na antigüidade.

(Unidades 10- 12)

Contidos mínimos

As primeiras civilizacións da historia: as formas de vida, arte e cultura. En Exipto e Mesopotamía. Conceptos fundamentais do sistema sociopolítico A teocracia e o sistema escravista.

O esplendor do mundo grego: A polis. A Democracia grega. O helenismo.

Roma da República ó Imperio. As institucións.

O fin do sistema escravista. Os xermanos.

A cultura e a arte en Grecia e Roma.

A Hispania romana.

A romanización. Gallaecia, provincia romana.

A crise do Imperio na P. Ibérica.

Os xermanos en España e Galicia: Suevos e Visigodos.

1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Mínimos esixibles:

- **Coñece-lo planeta Terra: forma, dimensións e condicións esenciais que fan posible a vida.**
- **Localiza lugares ou espazos nun mapa utilizando datos de coordenadas xeográficas e obtén información sobre o espazo representado a partir da lenda e a simboloxía, comunicando as conclusións de forma oral ou escrita**
- **Coñecer e poder situar no mapa correctamente, as unidades do relevo, os climas e os medios naturais máis importantes do Mundo, España e Galicia.**
- **Identificar e localiza-las Comunidades Autónomas e as provincias españolas, os estados da Unión Europea e os estados do mundo. Interpretar mapas políticos.**
- **Realiza unha lectura comprensiva de fontes de información escrita de contido xeográfico ou histórico e comunica a información obtida de forma correcta por escrito.**
- **Obter información a partir de diferentes fontes: documentos escritos, obxectos materiais, imaxes, obras de arte, gráficos, mapas, etc; interpreta e analiza-os cambios experimentados e a súa transcendencia.**
- **Realizar pequenas investigacións de carácter descritivo sobre algún feito ou tema próximo, consultando información complementaria e comunicando de forma intelixible os resultados do estudio.**
- **Ordenar e representar graficamente algún aspecto significativo da vida humana ó longo de diferentes épocas: sociedades prehistóricas, sociedades urbanas, sociedade clásica sobretudo de Galicia e á Península Ibérica.**

Probas específicas de avaliación:

O obxectivo destas probas é constatar si o alumno aprendeu e é capaz de aplica-los conceptos e ou técnicas concretas de cada tema, bloque

temático ou globalidade.

Nestas probas farase referencia ós contidos desenvolvidos nos temas anteriores, relacionados cos novos para evitar romper a unidade das materias e compartimentar a aprendizaxe. Seguirase un proceso de avaliación continua dos contidos. Nun proceso de Avaliación sumativa

Realizaranse as seguintes probas, segundo o aspecto a avaliar:

- I. Probas de aplicación dos coñecementos e habilidades aprendidas.
- II. Interpretación de datos: gráficos, mapas, planos. Avalía a capacidade de aplicación practica dos conceptos adquiridos a novos exemplos.
- III. Exposición de temas. Avalía a capacidade de organización, síntese e expresión oral.
- IV. Probas sobre aprendizaxe de conceptos. Avalía a claridade de ideas, a capacidade de expresión, o coñecementio do vocabulario específico das CCSS.
- V. A elaboración de esquemas.
- VI. Probas obxectivas. Avalía a capacidade de concentración, a súa seguridade e confianza e a claridade e decisión coa que manexan diferentes conceptos e coñecementos.
- VII. Probas de investigación. Traballos individuais ou en grupo. Avalía a búsqueda de información, a capacidade de argumentación, a elaboración de conclusións. Poden ser moi axeitadas para a avaliación de temas transversais actitudinais.

.Criterios de cualificación:

Avaliación das actitudes e comportamentos: 10%.

Avaliación dos contidos e actividades 60%.

Avaliación do caderno. Traballos individuais e en grupo: 30%

- **Probas específicas de avaliación:**
- **O obxectivo destas probas é constatar si o alumno aprendeu e é capaz de aplica-los conceptos e ou técnicas concretas de cada tema, bloque temático ou globalidade.**
- **Nestas probas farase referencia ós contidos desenvolvidos nos**

temas anteriores, relacionados cos novos para evitar romper a unidade das materias e compartimentar a aprendizaxe. Seguirase un proceso de avaliación continúa dos contidos. Nun proceso de Avaliación sumativa

- **Cada avaliación constará de a lo menos dous controis de seguimento do coñecemento da materia desenvolto durante o periodo da avaliación, e un control final ,ou exame de avaliación, onde se integrarán todos os contidos dados o longo da avaliación e avaliacións anteriores.**
- **. O alumno poderá recuperar a nota de contidos non aprobados nos controis sucesivos cun 5 no exame de avaliación ,sempre que a nota dos controis sexa superior a 3,50. De non ser así terá que acadar unha nota media superior ao 6 para acadar o aprobado nestas probas.**
- **-O alumno que non aprobe a avaliación , unha vez valorados todos os criterios, terá que realizar exercizos de reforzo e recuperación dos contidos non acadados.**